



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento conductor de vehículos destinados ao transporte adaptado en servizos sociais do Concello de Boimorto

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal praza conductor de vehículos destinados ao transporte adaptado en servizos sociais do Concello de Boimorto para reforzo dos servizos relacionados co posto de traballo.

Visto o decreto núm. 135 de data 16/04/2018 polo que se aproba a Bolsa de traballo de conductor/a de vehículos destinados ao transporte adaptado en servizos sociais do Concello de Boimorto, en cuxa situación actual temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación.

Tendo constancia de informes de secretaría intervención como realizado ás nóminas de decembro 2017, advertindo das irregularidades de cobertura con persoal laboral temporal de necesidades permanentes entre outros aspectos legais.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente RESOLVO:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como conductor de vehículos destinados ao transporte adaptado en servizos sociais do Concello de Boimorto a Cesareo Xabier Moscoso Fuentes con DNI 78780967X. Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base trece á presentación polo interesado de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Facer pública por este decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da bolsa de traballo de conductor de vehículos destinados ao transporte adaptado en servizos sociais do Concello de Boimorto que queda tal como segue tras a nova contratación de Cesareo Xabier Moscoso Fuentes:

- 1.- Cesareo Xabier Moscoso Fuentes con DNI 78780967X. Contratado.
- 2.- Pedro Antonio Amado Freire con DNI 76416500N.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 18/04/2018.

BOIMORTO, martes 17 de abril de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es